

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

- 1832** *Real decreto 62/2018, do 9 de febreiro, polo que se modifican o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, e o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.*

A Lei 26/2014, do 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias, modificou, mediante a súa disposición derradeira primeira, o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro. Na súa virtude, o artigo 8.8 introduciu a posibilidade de disposición anticipada dos dereitos consolidados do partícipe dun plan de pensións correspondentes a achegas realizadas con polo menos dez anos de antigüidade e estableceu tamén que, nos procedementos de mobilización de dereitos entre plans, a entidade xestora de orixe debía informar a entidade de destino da contía de cada unha das achegas de que derivan os dereitos obxecto de traspaso e das datas en que se fixeron efectivas.

Así mesmo, a disposición adicional oitava do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións establece que o dito suposto de disposición anticipada é tamén aplicable, nos termos e condicións establecidos no citado artigo 8.8 e nas normas que o desenvolven regulamentariamente, aos sistemas de previsión complementaria análogos aos plans de pensións recollidos no artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio (plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial e seguros concertados con mutualidades de previsión social).

Finalmente, segundo a disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, os dereitos correspondentes a achegas ou primas aboadas antes do 1 de xaneiro de 2016 poderanse facer efectivos a partir do 1 de xaneiro de 2025 e estableceranse regulamentariamente as condicións, termos e límites en que se poderán facer efectivos.

Por iso, mediante este real decreto modifícase o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, para incluír o novo suposto de liquidez en plans de pensións e sistemas análogos e adaptar os procedementos de mobilización de dereitos.

Neste mesmo sentido, modifícase o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, en relación cos seguros concertados con mutualidades de previsión social e plans de previsión social empresarial.

Optouse por non establecer limitacións nin condicionantes adicionais para a dispoñibilidade dos dereitos consolidados, ao considerar que este suposto de liquidez, en función da antigüidade das achegas, supón un incentivo para contratar estes produtos que pode impulsar o desenvolvemento dos sistemas de previsión social complementaria. Adicionalmente, incídese especialmente no contido da información aos partícipes e asegurados e nas mobilizacións de dereitos.

Por outra banda, modifícase o artigo 84 do Regulamento de plans e fondos de pensións, que regula as comisións de xestión e depósito que percibirán as entidades xestoras e depositarias de fondos de pensións. No caso das comisións de xestión,

substitúese o importe máximo único por unha táboa de comisións máximas en función das diferentes políticas de investimento dos fondos, o que se axusta máis ás características propias da xestión dos investimentos dos fondos de pensións, promovendo unha redución maior nos fondos con criterios investidores máis prudentes e orientados á preservación do capital, como son os que teñen un compoñente total ou maioritario de renda fixa. Tamén se reduce a comisión máxima de depósito para todos os fondos de pensións.

Igualmente, introdúcese no Regulamento de plans e fondos de pensións algunhas modificacións en materia de investimentos dos fondos de pensións, co fin de adaptar algunhas referencias normativas e a tipoloxía de activos aptos á normativa europea e a determinadas leis como a Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Tamén se introduciron modificacións en relación coa concreción formal dos criterios de cálculo do valor liquidativo das participacións nas especificacións dos plans e fondos de pensións.

Este real decreto é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cumple cos principios de necesidade e eficacia. O real decreto dá cumprimento ao mandato de desenvolvemento regulamentario do suposto de disposición anticipada dos dereitos consolidados correspondentes a achegas realizadas con, polo menos, dez anos de antigüidade. Así mesmo, introduce unha redución dos límites máximos das comisións de xestión e depósito nos fondos de pensións, o que diminuírá os custos, mellorando a rendibilidade dos plans de pensións.

O real decreto é acorde co principio de proporcionalidade, pois contén a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, e axústase igualmente ao principio de seguridade xurídica.

En canto ao principio de transparencia, o real decreto foi sometido ao trámite de consulta pública establecido no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e ao trámite de audiencia e información públicas contido no artigo 26.6 da mesma lei, ao afectar os dereitos e intereses lexítimos das persoas. Adicionalmente, o texto foi sometido á consideración da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións na súa sesión do 16 de novembro de 2017.

Así mesmo, conforme o artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, o real decreto consta incluído no plan anual normativo de 2018.

Por último, con respecto ao principio de eficiencia, ben que supón un lixeiro aumento das cargas administrativas, estas son imprescindibles e en ningún caso innecesarias.

Este real decreto dítase en exercicio das habilitacións para o desenvolvemento regulamentario contidas no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, nos seus artigos 8.8, 16, 20.5 e 21.6, disposicións adicionais primeira, sexta e oitava, disposición transitoria sétima e disposición derradeira terceira.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2018,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro.*

O Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 34 queda redactado como segue:

«2. Polo menos anualmente, o traballador asegurado e os beneficiarios que xa perciban as súas prestacións con cargo ao contrato de seguro deberán recibir a seguinte información:

a) Certificación da entidade aseguradora en que indique o número de póliza, as contingencias cubertas e as prestacións individualmente garantidas.

Se o contrato prevé a existencia de dereitos económicos en caso de cesamento ou extinción da relación laboral, a certificación anual deberá facer referencia á existencia de tales dereitos, así como, se é o caso, advertir expresamente da eventual diferenza que puiden existir entre o valor de mercado dos activos correspondentes e o importe da provisión de seguros de vida.

b) Valor das primas satisfeitas polo tomador no exercicio anterior.

c) Valor da provisión de seguros de vida en 31 de decembro do exercicio anterior. Deberase distinguir a parte da provisión de seguros de vida correspondente a primas pagadas antes do 1 de xaneiro de 2007, se as houber.

d) Nos contratos de seguro concertados con mutualidades de previsión social previstos no artigo 51.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, nos cales se preveña a posibilidade de disposición anticipada de dereitos económicos correspondentes a primas pagadas con polo menos dez anos de antigüidade, regulada no artigo 9.4, disposición adicional oitava e disposición transitoria sétima do Regulamento de plans e fondos de pensións, deberase indicar a contía do dereito económico ao final do ano natural susceptible de facerse efectivo polo citado suposto de disposición anticipada.

A información prevista neste punto terá o carácter de mínima e poderase ampliar mediante acordo colectivo na empresa.»

Dous. Engádese un ordinal 5.º no punto 4.b) e modifícase o número 5 da disposición adicional única, que quedan redactados como segue:

«5.º No caso de que o condicionado do plan de previsión social empresarial preveña a posibilidade de disposición anticipada de dereitos económicos correspondentes a primas pagadas con polo menos dez anos de antigüidade, regulada no artigo 9.4, disposición adicional oitava e disposición transitoria sétima do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, deberase indicar a contía do dereito económico ao final do ano natural susceptible de facerse efectivo polo dito suposto de disposición anticipada.»

«5. O tomador dun plan de previsión social empresarial unicamente poderá exercer o dereito de rescate para integrar todos os compromisos instrumentados no plan de previsión social empresarial noutro plan de previsión social empresarial, ou nun plan de pensións promovido pola empresa. En ambos os dous casos, a nova aseguradora ou o plan de pensións asumirán a cobertura total dos compromisos por pensións transferidos. O importe do dereito de rescate deberá ser aboado directamente á nova aseguradora do novo plan de previsión social empresarial ou ao fondo de pensións en que se integre o plan de pensións.

Será admisible que o pagamento do valor de rescate se realice mediante o traspaso dos activos, neto dos gastos precisos para efectuar os correspondentes cambios de titularidade.

Cando se realicen cobramentos parciais de dereitos económicos por contingencias ou polos supostos excepcionais de liquidez ou disposición anticipada regulados no texto refundido da Lei de plans e fondos de pensións, ou se efectúen mobilizacións parciais dos citados dereitos, a solicitude do asegurado deberá incluír indicación referente a se os dereitos económicos que desexa percibir ou mobilizar

corresponden a primas anteriores ou posteriores ao 1 de xaneiro de 2007, se as houber.

No suposto de mobilizacións parciais, os dereitos económicos que se vaian mobilizar calcularanse de forma proporcional segundo correspondan a primas anteriores e posteriores á dita data, cando estas existan, e o asegurado non realizase a indicación sinalada no parágrafo anterior.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.*

O Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«2. As especificacións dos plans de pensións tamén poderán prever o pagamento anticipado da prestación correspondente á xubilación no caso de que o partícipe, calquera que sexa a súa idade, extinga a súa relación laboral e pase á situación legal de desemprego nos casos previstos nos artigos 49.1.g), 51, 52 e 57 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.»

Dous. Engádeselle un número 4 ao artigo 9, coa seguinte redacción:

«4. Os partícipes dos plans de pensións do sistema individual e asociado poderán dispor anticipadamente do importe, total ou parcial, dos seus dereitos consolidados correspondente a achegas realizadas con, polo menos, dez anos de antigüidade. Os partícipes dos plans de pensións do sistema de emprego poderán dispor dos dereitos consolidados correspondentes ás achegas e contribucións empresariais realizadas con polo menos dez anos de antigüidade, se así o permite o compromiso e o prevén as especificacións do plan, e coas condicións ou limitacións que estas establezan, de ser o caso.»

Tres. O número 5 do artigo 10 queda redactado como segue:

«5. Nos supostos excepcionais de liquidez por enfermidade grave e por desemprego de longa duración previstos no artigo 9, de acordo co establecido nas especificacións, e coas condicións ou limitacións que estas dispoñan, os dereitos consolidados poderanse facer efectivos mediante un pagamento ou en pagamentos sucesivos, en canto se manteñan as ditas situacións debidamente acreditadas. Así mesmo, os dereitos consolidados derivados de achegas realizadas con polo menos dez anos de antigüidade poderanse facer efectivos mediante un pagamento ou en pagamentos sucesivos, coas condicións ou limitacións que, se é o caso, establezan as especificacións dos plans de pensións de emprego.

Os dereitos solicitados deberán ser aboados dentro do prazo máximo de sete días hábiles desde que o partícipe presente a documentación acreditativa correspondente. Non obstante, as especificacións dos plans de emprego e asociados, nos cales a xubilación opere baixo a modalidade de prestación definida poderán estender o dito prazo ata un máximo de trinta días hábiles cando así se xustifique por razóns da necesaria intervención de terceiras persoas ou entidades na cuantificación do dereito consolidado.»

Catro. O artigo 10 bis queda redactado como segue:

«Artigo 10 bis. *Antigüidade das achegas no caso de cobramento ou mobilización parcial de dereitos consolidados.*

Cando se realicen cobramentos parciais de dereitos consolidados por continxencias ou polos supostos excepcionais de liquidez ou disposición anticipada regulados no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, e neste regulamento, ou cando se efectúen mobilizacións parciais dos citados dereitos, a solicitude do partícipe deberá indicar se os dereitos consolidados que desexa percibir ou mobilizar corresponden a achegas anteriores ou posteriores ao 1 de xaneiro de 2007, se as houber.

No suposto de mobilizacións parciais, os dereitos consolidados que se pretendan mobilizar calcularanse de forma proporcional, segundo correspondan a achegas anteriores ou posteriores á dita data, cando estas existan, e o partícipe non realizase a indicación sinalada no parágrafo anterior.»

Cinco. O número 5 do artigo 11 queda redactado como segue:

«5. A percepción dos dereitos consolidados por enfermidade grave ou desemprego de longa duración será incompatible coa realización de achegas a calquera plan de pensións, salvo as que resulten obrigatorias ou vinculadas ás do promotor dun plan de emprego.

O partícipe poderá proseguir as achegas para calquera continxencia susceptible de acaecer, unha vez que percíbise integramente os dereitos consolidados ou suspendese o cobramento asignando expresamente o remanente ás devanditas continxencias.

Non obstante o establecido nos parágrafos anteriores, a percepción dos dereitos consolidados correspondentes a achegas realizadas con polo menos dez anos de antigüidade, ao abeiro do establecido no artigo 9.4 e na disposición transitoria sétima deste regulamento, será compatible coa realización de achegas a plans de pensións para continxencias susceptibles de acaecer.»

Seis. O artigo 14 queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Suposto de liquidez do réxime especial para persoas con discapacidade.*

1. Os dereitos consolidados nos plans de pensións dos partícipes cun grao de discapacidade nos termos previstos no artigo 12 poderanse facer efectivos nos supostos de enfermidade grave e desemprego de longa duración segundo o previsto no artigo 9, coas seguintes especificacións:

a) De se tratar de partícipes discapacitados, os supostos de enfermidade grave que os afecten conforme o referido artigo 9 serán de aplicación cando non se poidan cualificar como continxencia conforme o artigo 13 anterior. Ademais dos supostos previstos no dito artigo, no caso de partícipes discapacitados consideraranse tamén enfermidade grave as situacións que requiran, de forma continuada, durante un período mínimo de tres meses, o seu internamento en residencia ou centro especializado, ou tratamento e asistencia domiciliaria.

b) O suposto de desemprego de longa duración previsto no artigo 9 será de aplicación cando a dita situación afecte o partícipe discapacitado, o seu cónxuxe ou un dos seus parentes en liña directa ou colateral ata o terceiro grao, inclusive, dos cales dependa economicamente, ou de quen o teña ao seu cargo en réxime de tutela ou acollemento.

2. Así mesmo, os dereitos consolidados dos partícipes acollidos a este réxime especial, correspondentes a achegas realizadas con polo menos dez anos de

antigüidade, poderán ser obxecto de disposición anticipada de conformidade co establecido no artigo 9.4 e na disposición transitoria sétima deste regulamento.»

Sete. Engádesse unha letra l) ao artigo 18, coa seguinte redacción:

«l) Indicación do valor diario aplicable á realización de achegas, mobilización de dereitos, pagamento de prestacións e liquidez de dereitos en supostos excepcionais, así como disposición anticipada, de acordo co establecido neste regulamento.»

Oito. O número 7 do artigo 22 queda redactado como segue:

«7. Os dereitos consolidados do partícipe nun plan de pensións non poderán ser obxecto de embargo, traba xudicial ou administrativa, ata o momento en que se cause o dereito á prestación ou poidan ser dispoñibles ou efectivos conforme o previsto no artigo 9.

Nos termos do artigo 8, números 8 e 10, do texto refundido da lei, cando o dereito ás prestacións do partícipe nun plan de pensións sexa obxecto de embargo ou traba, xudicial ou administrativa, esta resultará válida e eficaz, aínda que non se executará ata que se cause o dereito á prestación ou se poidan facer efectivos ou dispoñibles conforme o previsto no artigo 9. Producidas tales circunstancias, a entidade xestora ordenará o traspaso dos fondos correspondentes ás prestacións ou dereitos consolidados a quen proceda, en cumprimento da orde de embargo.

No caso de que o partícipe ou beneficiario sexa titular de varios plans de pensións, serán embargables, en primeiro lugar, os do sistema individual e asociado e, en último termo, os plans do sistema de emprego.

Cando o partícipe ou beneficiario sexa titular de dereitos en plans de pensións, plans de previsión asegurados e plans de previsión social empresarial, terase en conta o establecido na disposición adicional oitava deste regulamento.»

Nove. O número 2 do artigo 34 queda redactado como segue:

«2. Con periodicidade polo menos anual, a entidade xestora do fondo de pensións en que o plan se encontre integrado remitirá a cada partícipe dos plans de emprego unha certificación sobre o total das achegas, directas ou imputadas, realizadas no ano natural e o valor, ao final deste, do total dos seus dereitos consolidados no plan; distinguirase a parte correspondente a achegas realizadas antes do 1 de xaneiro de 2007, se as houber.

No caso de que as especificacións do plan de pensións de emprego prevexan a posibilidade de disposición anticipada de dereitos consolidados correspondentes a achegas realizadas con polo menos dez anos de antigüidade, regulada no artigo 9.4 e na disposición transitoria sétima deste regulamento, a certificación deberá indicar a contía do dereito consolidado ao final do ano natural susceptible de facerse efectivo polo dito suposto de disposición anticipada.

As especificacións poderán prever prazos inferiores ao sinalado anteriormente para remitir a dita información.

A certificación a que se refire este número deberá conter un resumo sobre a determinación das continxencias cubertas, o destino das achegas e as regras de incompatibilidade sobre aquelas.

Se é o caso, a certificación indicará a contía dos excesos de achega do partícipe advertidos sobre os máximos establecidos e o deber de comunicar o medio para o aboamento da devolución.»

Dez. O parágrafo sexto do artigo 35.3 queda redactado como segue:

«Nun prazo máximo de 20 días hábiles contados desde a recepción por parte da entidade xestora de orixe da comunicación da solicitude, esta entidade deberá ordenar a transferencia bancaria e a entidade depositaria de orixe, executala.

Dentro do indicado prazo, a xestora de orixe deberalle remitir á xestora ou aseguradora de destino toda a información relevante do partícipe, e deberá comunicar a este o contido da dita información. Non obstante, as especificacións dos plans de emprego en que a xubilación opere baixo a modalidade de prestación definida poderán estender o dito prazo ata un máximo de 30 días hábiles cando así se xustifique por razóns da necesaria intervención de terceiras persoas ou entidades na cuantificación do dereito consolidado. A referida información incluírá un detalle da contía de cada unha das achegas realizadas de que derivan os dereitos consolidados obxecto de traspaso e das datas en que se fixeron efectivas, tendo en conta, de ser o caso, o establecido na disposición transitoria sétima, número 2.»

Once. A letra j) do número 1 e os números 4 e 7 do artigo 48 quedan redactados como segue:

«j) Carácter non reembolsable dos dereitos consolidados mentres non se produzan as circunstancias que permiten o cobramento. Para tal efecto, incluírase o seguinte:

1.º Definición das continxencias cubertas, con especial referencia ás persoas sen posibilidade de acceso á xubilación en ningún réxime da Seguridade Social. Se é o caso, posibilidade de continuar realizando achegas tras o acaecemento das continxencias de xubilación, incapacidade e dependencia.

2.º Referencia á posibilidade de disposición anticipada dos dereitos consolidados correspondentes a achegas realizadas con, polo menos, dez anos de antigüidade.

3.º Referencia, se é o caso, aos supostos excepcionais de liquidez.»

«4. Con periodicidade anual, a entidade xestora do fondo de pensións remitiralle a cada partícipe dos plans individuais unha certificación sobre o total das achegas realizadas no ano natural e o valor, ao final deste, do total dos seus dereitos consolidados; distinguirse a parte correspondente a achegas realizadas antes do 1 de xaneiro de 2007, se as houber.

A certificación deberá indicar tamén a contía do dereito consolidado ao final do ano natural susceptible de disposición anticipada por corresponder a achegas realizadas con polo menos dez anos de antigüidade, de acordo co previsto no artigo 9.4 e na disposición transitoria sétima deste regulamento.

A certificación a que se refire este número deberá conter un resumo sobre a determinación das continxencias cubertas, o destino das achegas e as regras de incompatibilidade sobre aquelas.

Se é o caso, a certificación indicará a contía dos excesos de achega advertidos e o deber de comunicar o medio para o aboamento da devolución.»

«7. Ademais das obrigas establecidas nos números anteriores, as entidades xestoras deberán pór á disposición dos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións individuais e publicar no seu sitio web ou no do seu grupo un informe trimestral que, ademais da información prevista no número anterior, conteña a rendibilidade acumulada no exercicio ata a data a que se refire a información e a correspondente ao trimestre de que se trate, así como unha relación detallada dos investimentos no peche do trimestre, con indicación, para cada activo, do seu valor de realización e a porcentaxe que representa respecto do activo total.

En todo caso, as entidades xestoras remitirán a dita información periódica de carácter trimestral aos partícipes e beneficiarios que expresamente a soliciten.

A solicitude de remisión da información a que se refiren os dous parágrafos anteriores deberase facer mediante escrito separado e asinado, ou por calquera outro medio polo cal quede constancia da súa presentación.»

Doce. O penúltimo parágrafo do número 4 e o número 5 do artigo 50 quedan redactados como segue:

«Nun prazo máximo de cinco días hábiles contados desde a recepción por parte da entidade xestora de orixe da solicitude, esta entidade deberá ordenar a transferencia bancaria e a entidade depositaria de orixe, executala. Dentro do indicado prazo a xestora de orixe deberalle remitir á xestora ou aseguradora de destino toda a información financeira e fiscal necesaria para o traspaso. A referida información incluírá un detalle da contía de cada unha das achegas realizadas de que derivan os dereitos consolidados obxecto de traspaso e das datas en que se fixeron efectivas, tendo en conta, de ser o caso, o disposto no número 2 da disposición transitoria sétima.»

«5. No caso de que a entidade xestora de orixe sexa, pola súa vez, a xestora do fondo de destino ou a aseguradora do plan de previsión asegurado ou do plan de previsión social empresarial de destino, o partícipe deberá indicar na súa solicitude o importe que desexa mobilizar, se é o caso, o plan de pensións destinatario e o fondo de pensións de destino a que está adscrito ou, noutro caso, o plan de previsión asegurado ou o plan de previsión social empresarial destinatario.

A xestora deberá ordenar a transferencia e a entidade depositaria de orixe executala no prazo máximo de tres días hábiles desde a data en que o partícipe presente a solicitude.»

Trece. O número 6 do artigo 69 queda redactado como segue:

«6. Os activos dos fondos de pensións investiranse maioritariamente en valores e instrumentos financeiros admitidos a negociación en mercados regulados. Os investimentos en activos que non se poidan negociar en mercados regulados deberán, en todo caso, manterse dentro de niveis prudenciais.

Os activos afectos á cobertura das provisións técnicas investiranse de xeito adecuado á natureza e á duración das futuras prestacións previstas dos plans de pensións.

Para estes efectos, considéranse mercados regulados aqueles establecidos dentro do ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), que cumpran as condicións exixidas pola Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, e pola que se modifican as directivas 2002/92/CE e 2011/61/UE, e aqueloutros que, se é o caso, determinen as autoridades españolas de control financeiro, por entender que as súas condicións de funcionamento son equivalentes ás fixadas na citada normativa comunitaria.

Tamén se considerarán incluídos nesta categoría os mercados organizados de derivados. Entenderase por tales aqueles mercados radicados en Estados membros da OCDE nos cales se articule a negociación dos instrumentos de forma regulada, que dispoñan dun sistema de depósitos de garantía actualizables diariamente en función das cotizacións rexistradas ou de axuste diario de perdas e ganancias, e nos cales exista un centro de compensación que rexistre as operacións realizadas e se interpoña entre as partes contratantes actuando como comprador ante o vendedor e como vendedor ante o comprador.»

Catorce. Os números 3, 5, 8 e 9 do artigo 70 quedan redactados como segue:

«3. As accións e participacións das seguintes institucións de investimento colectivo:

a) Institucións de investimento colectivo establecidas no Espazo Económico Europeo e sometidas a coordinación de conformidade coa Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan



as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios.

b) Institucións de investimento colectivo de carácter financeiro que, non encontrándose incluídas na letra anterior, estean reguladas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e demais disposicións de desenvolvemento.

c) Institucións de investimento colectivo inmobiliarias que teñan a súa sede ou estean radicadas nun Estado do Espazo Económico Europeo, sempre que a institución estea suxeita á autorización e supervisión dunha autoridade de control.

d) Institucións de investimento colectivo distintas das recollidas nas letras a), b) e c) deste número, sempre que sexan de carácter financeiro e cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que as súas accións ou participacións non presenten ningunha limitación á súa libre transmisión. Para estes efectos, non terán a consideración de limitacións á libre transmisión aquelas cláusulas ou pactos expresos que establezan un dereito de adquisición preferente axustado a condicións de mercado a prol dos accionistas ou partícipes da entidade ou que exixan unha autorización previa da transmisión por parte da entidade xestora ou do consello de administración da entidade sempre que, no contrato de adquisición ou folleto informativo correspondente, se enumeren as causas obxectivas de denegación e tales causas versen, exclusivamente, sobre as condicións que deben reunir os potenciais adquirentes da participación na entidade.

2.º Que teñan a súa sede ou estean radicadas nalgún país membro da OCDE no cal non concorra o carácter de paraíso fiscal.

3.º Que os seus estados financeiros sexan obxecto de auditoría anual, que será externa e independente. No momento do investimento, deberá constar a opinión favorable do auditor respecto do último exercicio de referencia. Non obstante, e sen prexuízo do deber de auditoría anual, externa e independente dos estados financeiros da entidade na cal se pretenda investir, cando a devandita entidade sexa de nova constitución e, por ese motivo, non dispoña no momento do investimento de estados financeiros auditados, a entidade xestora desta deberá selo, polo menos, doutra entidade xa existente que cumpra co requisito anterior de auditoría anual, externa e independente dos estados financeiros, con opinión favorable do auditor respecto do último exercicio completo concluído.

4.º Que nin individualmente nin de maneira conxunta co resto dos fondos de pensións xestionados pola mesma entidade xestora, o investimento poida supor o exercicio, na práctica, do control sobre a institución en que se inviste.

5.º O investimento non poderá ter lugar en institucións cuxos socios, administradores ou directivos ou, de ser o caso, os socios, administradores ou directivos da sociedade xestora da institución de investimento colectivo en que se pretende investir teñan, de xeito individual ou de forma conxunta, directamente ou a través de persoas interpostas, unha participación significativa no grupo da entidade xestora do fondo de pensións investidor.

6.º O investimento non poderá ter lugar en institucións nas cales, ben a propia institución de investimento colectivo, ben a súa entidade xestora, formen parte do grupo económico da entidade xestora do fondo de pensións ou dos promotores dos plans de pensións integrados nos fondos xestionados.

As accións e participacións de institucións de investimento colectivo, tal e como quedan delimitadas neste regulamento, só poderán ser consideradas aptas para o investimento dos fondos de pensións en aplicación deste punto.

e) Para os efectos da normativa de plans e fondos de pensións, terán a consideración de institucións de investimento colectivo as seguintes:

1.º As institucións de investimento colectivo que teñan en España o seu domicilio no caso de sociedades, ou que se constituísen en España e cuxa sociedade xestora estea domiciliada en España, no caso de fondos.

2.º Calquera outra institución, entidade, instrumento ou vehículo de investimento que poida ser considerado como institución de investimento colectivo de tipo aberto, entendendo por tal aquela cuxo obxecto sexa o investimento colectivo dos fondos captados entre o público, cuxo funcionamento estea sometido ao principio da repartición de riscos, e cuxas unidades, por petición do tedor, sexan recompradas ou reembolsadas, directa ou indirectamente, con cargo aos activos destas institucións. Equipárase a estas recompras ou reembolsos o feito de que unha institución de investimento colectivo actúe co fin de que o valor das súas accións ou participacións nun mercado secundario oficial ou en calquera outro mercado regulado domiciliado na Unión Europea non se desvirtúe sensiblemente do seu valor liquidativo.

Non terán a consideración de institucións de investimento colectivo aquelas entidades, calquera que sexa a súa denominación ou estatuto que, estando domiciliadas nun Estado membro da OCDE, exerzan, de acordo coa normativa que lles resulte aplicable, as actividades típicas das entidades de capital risco previstas no artigo 3 da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.»

«5. Bens inmuebles e dereitos reais inmobiliarios. Os bens inmuebles deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Deberase tratar de solo rústico ou solo que, conforme a lexislación urbanística española, se defina como urbano ou urbanizable, edificios rematados, ou pisos ou locais que, formando parte daqueles, constitúan terreos rexistrais independentes.

b) Estaren situados no territorio dun Estado membro do Espazo Económico Europeo.

c) Estaren inscritos no Rexistro da Propiedade a nome do fondo de pensións.

d) Teren sido taxados por unha entidade taxadora autorizada para a valoración de bens no mercado hipotecario, conforme a Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmuebles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras.

e) No caso de cotas ou participacións pro indiviso, deberán estar rexistralmente identificadas e ser libremente transmisibles. Cando se trate de prazas de aparcadoiro de automóviles, deberán ser anexas á propiedade principal ou, se non o son, deberán estar rexistralmente identificadas e ser libremente transmisibles.

f) Se se trata de inmuebles hipotecados e o gravame afecta varios bens, deberase individualizar a responsabilidade de cada un.

g) Estaren asegurados contra o risco de incendio e outros danos ao continente, por importe non inferior ao valor de construción fixado na última taxación realizada. Cando se produza a revisión dunha taxación anterior, ou a taxación dun inmovible que fose provisionalmente apto e se dese unha situación de infraseguro, non se poderá considerar o novo valor ata que se emende a dita situación.

Non obstante o disposto nas letras a), c) e d), poderanse considerar aptos os edificios en construción, sempre que se formalice un compromiso de finalizar a construción no prazo de cinco anos, e deberanse inscribir no Rexistro da Propiedade e realizarse unha taxación no prazo máximo dun ano.

Cando se trate de inmobles situados fóra de España, aplicaranse de forma análoga e tendo en conta a lexislación propia de cada Estado os criterios sinalados anteriormente.

Os dereitos reais inmobiliarios aptos distintos do de propiedade serán aqueles que se constituísen sobre bens inmobles que reúnan os requisitos referidos nos parágrafos precedentes e que tales dereitos se inscriban a nome do fondo de pensións no Rexistro da Propiedade.

No caso de inmobles ou dereitos reais inmobiliarios pendentes de inscrición, deberá existir un seguro de caución ou un aval bancario por importe non inferior ao seu valor de taxación.»

«8. As accións e participacións das entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo pechado reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, así como as accións e participacións dos fondos de capital risco europeos (FCRE) regulados no Regulamento (UE) n.º 345/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, e os fondos de emprendemento social europeos (FESE) regulados no Regulamento (UE) n.º 346/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013.

Para os efectos dos artigos 72 e 74, os FESE e os FCRE terán o mesmo tratamento que as entidades de capital risco españolas.

9. Valores e instrumentos financeiros de renda fixa e variable distintos dos previstos no número 1 deste artigo, nos seguintes termos:

a) Valores e instrumentos financeiros non cotizados en mercados regulados ou que, estando admitidos a negociación en mercados regulados, non sexan susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1.º Non poderán presentar ningunha limitación á súa libre transmisión.

2.º Deberán ter sido emitidos por entidades con sede social nalgún país membro da OCDE en que non concorra o carácter de paraíso fiscal.

3.º A entidade emisora dos valores ou instrumentos financeiros deberá auditar os seus estados financeiros anualmente; tal auditoría será externa e independente. Tanto no momento do investimento como nos exercicios posteriores non deberá constar a opinión desfavorable do auditor respecto do último exercicio de referencia.

4.º Nin individualmente nin de xeito conxunto co resto dos fondos de pensións xestionados pola mesma entidade xestora, o investimento en valores e instrumentos financeiros non contratados en mercados regulados poderá supor o exercicio, na práctica, do control sobre a entidade na cal se inviste.

5.º O investimento non poderá ter lugar en entidades cuxos socios, administradores ou directivos teñan, de xeito individual ou de forma conxunta, directamente ou a través de persoas interpostas, unha participación significativa no grupo da entidade xestora. Tampouco se poderán realizar investimentos en valores emitidos por sociedades que fosen financiadas polo grupo económico da entidade xestora ou dos promotores dos plans integrados nos fondos xestionados e que vaian destinar o financiamento recibido dos fondos a amortizar directa ou indirectamente os créditos outorgados polas empresas dos grupos citados.

Para estes efectos, entenderase que a operación a realiza unha persoa ou entidade interposta cando a executan unha persoa unida por vínculo de parentesco en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade, ata o segundo grao inclusive, mandatarios ou fiduciarios ou calquera sociedade en que os citados conselleiros, administradores, directores, entidades ou integrantes da comisión de control teñan, directa ou indirectamente, unha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento do capital ou exerzan nela funcións que impliquen o exercicio do poder de decisión.

Queda prohibido o investimento dos fondos de pensións en valores ou instrumentos financeiros non cotizados emitidos polo grupo económico da xestora ou dos promotores dos plans de pensións integrados nos fondos xestionados, ou polo grupo económico da terceira entidade autorizada coa cal, se é o caso, se contratase a xestión dos activos financeiros.

b) Accións e participacións de entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo pechado, distintas das previstas no número 8 deste artigo, sempre que cumpran todos os requisitos previstos na letra a) deste punto, coas seguintes especificacións:

1.º Non terán a consideración de limitacións á libre transmisión aquelas cláusulas ou pactos expresos que establezan un dereito de adquisición preferente axustado a condicións de mercado, a favor dos accionistas ou partícipes da entidade de capital risco ou entidade de investimento colectivo de tipo pechado, que exijan unha autorización previa da transmisión por parte da entidade xestora ou do consello de administración da entidade de capital risco ou entidade de investimento colectivo de tipo pechado, sempre que no contrato de adquisición ou folleto informativo se enumeren as causas obxectivas de denegación, e tales causas versen, exclusivamente, sobre as condicións que deben reunir os potenciais adquirentes da participación na entidade de capital risco ou entidade de investimento colectivo de tipo pechado.

2.º Sen prexuízo do deber de auditoría anual, externa e independente dos estados financeiros da entidade de capital risco ou entidade de investimento colectivo de tipo pechado en que se pretenda investir, cando a dita entidade sexa de nova constitución e por ese motivo non se dispoña no momento do investimento de estados financeiros auditados, a entidade xestora desta deberá selo, polo menos, doutra entidade de capital risco ou entidade de investimento colectivo de tipo pechado xa existente que cumpra co requisito anterior de auditoría anual, externa e independente dos estados financeiros, con opinión favorable do auditor respecto do último exercicio completo concluído.

Entenderanse incluídas nesta letra b) todas aquelas entidades, calquera que sexa a súa denominación ou estatuto que, estando domiciliadas nun Estado membro da OCDE, se axusten ao concepto de investimento colectivo de tipo pechado establecido no artigo 2 da Lei 22/2014, do 12 de novembro.

c) Instrumentos do mercado monetario, sempre que sexan líquidos e teñan un valor que se poida determinar con precisión en todo momento, non negociados nun mercado regulado, sempre que se cumpra algún dos seguintes requisitos:

1.º Que estean emitidos ou garantidos polo Estado, comunidades autónomas, entidades locais, Banco de España, Banco Central Europeo, Unión Europea, Banco Europeo de Investimentos, banco central dalgún dos Estado membros, calquera Administración pública dun Estado membro, ou por un organismo público internacional a que pertencen un ou máis Estado membros.

2.º Que estean emitidos por unha empresa cuxos valores se negocien nun mercado regulado.

3.º Que estean emitidos ou garantidos por unha entidade do ámbito da OCDE suxeita a supervisión prudencial.

Para os efectos deste punto 9.c), consideraranse instrumentos do mercado monetario aqueles activos de renda fixa cuxo prazo de vencemento sexa inferior a 18 meses. Ademais, consideraranse líquidos, se existen mecanismos para realzalos ao seu valor de mercado, ou se existe un compromiso de recompra por parte do emisor ou dunha entidade financeira.

d) Os valores e dereitos negociados no mercado alternativo bolsista e no mercado alternativo de renda fixa.»

Quince. As letras a), b) e h) do artigo 72 quedan redactadas como segue:

«a) Investirase polo menos o 70 por cento do activo do fondo de pensións en valores e instrumentos financeiros susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal que estean admitidos a negociación en mercados regulados, en instrumentos derivados negociados en mercados organizados, en depósitos bancarios, en créditos con garantía hipotecaria, en inmobles e en institucións de investimento colectivo inmobiliarias. Tamén se poderán incluír na referida porcentaxe as accións e participacións de institucións de investimento colectivo sometidas á Lei 35/2003, do 4 de novembro, ou á Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, e pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, sempre que, se se trata de fondos de investimento, as súas participacións ou ben teñan a consideración de valores cotizados ou ben estean admitidos a negociación en mercados regulados; e, se se trata de sociedades de investimento, as súas accións sexan susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal e estean admitidas a negociación en mercados regulados.

Non se incluírán na citada porcentaxe as accións e participacións de institucións de investimento colectivo de investimento libre, e de institucións de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre sometidas á Lei 35/2003, do 4 de novembro, e á súa normativa de desenvolvemento.

b) O investimento en valores ou instrumentos financeiros emitidos por unha mesma entidade, máis os créditos outorgados a ela ou avalados ou garantidos por ela, non poderá exceder o 5 por cento do activo do fondo de pensións.

Non obstante, o límite anterior será do 10 por cento por cada entidade emisora, prestameira ou garante, sempre que o fondo non invista máis do 40 por cento do activo en entidades nas cales se supere o 5 por cento do activo do fondo.

O fondo poderá investir en varias empresas dun mesmo grupo e non poderá superar o investimento total no grupo o 10 por cento do activo do fondo.

Ningún fondo de pensións poderá ter investido máis do 2 por cento do seu activo en valores ou instrumentos financeiros non admitidos a cotización en mercados regulados, ou en valores ou instrumentos financeiros que, estando admitidos a negociación en mercados regulados, non sexan susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal, cando estean emitidos ou avalados por unha mesma entidade. O límite anterior será do 4 por cento para os citados valores ou instrumentos financeiros, cando estean emitidos ou avalados por entidades pertencentes a un mesmo grupo.

Non obstante o anterior, o investimento en valores ou dereitos emitidos por unha mesma entidade negociados no mercado alternativo bolsista ou no mercado alternativo de renda fixa, así como o investimento en accións e participacións emitidas por unha soa entidade de capital risco ou entidade de investimento colectivo de tipo pechado poderá alcanzar o 3 por cento do activo do fondo de pensións.

O límite anterior do 3 por cento será do 6 por cento para os citados valores ou outros instrumentos financeiros, cando estean emitidos por entidades pertencentes a un mesmo grupo.

Non estarán sometidos aos límites previstos nesta letra b) os depósitos en entidades de crédito, sen prexuízo da aplicación do límite conxunto a que se refire a letra f) deste artigo.»

«h) O investimento dos fondos de pensións en valores ou instrumentos financeiros emitidos ou avalados por unha mesma entidade non poderá exceder o 5 por cento, en valor nominal, do total dos valores e instrumentos financeiros en circulación daquela.

Este límite elevarase ao 20 por cento nos seguintes casos:

1.º Para accións e participacións de institucións de investimento colectivo das previstas nas letras a) e b) do artigo 70.3 sempre que, se se trata de fondos de investimento, as súas participacións ou ben teñan a consideración de valores cotizados ou ben estean admitidas a negociación en mercados regulados; e, se se trata de sociedades de investimento, as súas accións estean admitidas a negociación en mercados regulados.

2.º Para valores ou participacións emitidos por entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo pechado reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, e entidades estranxeiras similares.

O dito límite do 20 por cento será, así mesmo, aplicable ao conxunto de investimentos do fondo de pensións en varias das citadas institucións ou entidades cando estas estean xestionadas por unha mesma entidade xestora ou por varias pertencentes ao mesmo grupo.»

Dezaseis. O número 7 do artigo 74 queda redactado como segue:

«7. As entidades xestoras deberán elaborar un rexistro diario de todas as operacións de compravenda de valores non negociables, activos financeiros estruturados, instrumentos derivados, e accións e participacións de entidades de capital risco e de entidades de investimento colectivo de tipo pechado que fosen realizadas polo fondo de pensións. Neste incluíranse os datos cuantitativos relevantes de cada operación, considerada individualmente, así como unha descrición detallada dos motivos da súa realización.»

Dezasete. Os números 1 e 2 do artigo 84 quedan redactados como segue:

«1. As sociedades xestoras percibirán como retribución total, polo desenvolvemento das súas funcións, unha comisión de xestión establecida, de maneira expresa, dentro do límite fixado nas normas de funcionamento do fondo de pensións. Tales comisións virán determinadas e individualizadas para cada un dos plans de pensións integrados no fondo de pensións.

a) Para os efectos exclusivos da aplicación do disposto neste punto, na declaración comprensiva dos principios da política de investimento a clasificación como fondo de pensións de renda fixa, renda fixa mixta ou resto de fondos de pensións farase en función da exposición total a renda variable, segundo as seguintes porcentaxes:

1.º Fondo de pensións de renda fixa: ausencia de exposición total en renda variable.

2.º Fondo de pensións de renda fixa mixta: menos do 30 por cento da exposición total en renda variable.

3.º Resto de fondos de pensións: igual ou maior do 30 por cento da exposición total en renda variable.

No caso de que a declaración comprensiva dos principios da política de investimento estableza un intervalo de exposición total a renda variable cuns límites mínimo e máximo, para os efectos da clasificación anterior, tomarase o límite mínimo.

b) En ningún caso as comisións devindicadas pola entidade xestora, incluíndo as retribucións correspondentes ás entidades nas cales se delegasen funcións, poderán resultar superiores, por todos os conceptos, aos seguintes límites, referidos ao valor das contas de posición a que se deberán imputar, fixados en función da clasificación segundo a declaración comprensiva dos principios da política de investimento:

1.º Fondo de pensións de renda fixa: 0,85 por cento anual.

- 2.º Fondo de pensións de renda fixa mixta: 1,30 por cento anual.
- 3.º Resto de fondos de pensións: 1,50 por cento anual.

Os plans de pensións que contan cunha garantía externa das previstas no artigo 77 poderán aplicar, durante o período de garantía, unha comisión de xestión que non resulte superior ao 1,50 por cento anual do valor da conta de posición.

O límite que corresponda resultará aplicable diariamente tanto a cada plan de pensións integrado como ao fondo de pensións no seu conxunto e, individualmente, a cada partícipe e beneficiario.

c) Para os exclusivos efectos da aplicación do previsto neste número 1, establécense os seguintes criterios:

1.º A clasificación determínase polo previsto na declaración comprensiva dos principios da política de investimento do fondo de pensións.

2.º No caso de investir en institucións de investimento colectivo, terase en conta a cualificación destas de acordo coa Circular 1/2009, do 4 de febreiro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre as categorías de institucións de investimento colectivo en función da súa vocación investidora, para os efectos de definir a política de investimento do fondo de pensións.

3.º No caso de investir en fondos de pensións abertos, terase en conta a política de investimento do fondo investidor de acordo con este mesmo punto.

4.º No caso de plans asegurados, parcial ou totalmente, a provisión en poder de aseguradores considerárase como activo de renda fixa.

5.º Para o cómputo das porcentaxes de investimento terase en conta a exposición total do fondo de pensións. Para estes efectos, enténdese por exposición total do fondo de pensións a suma da exposición conseguida a través dos seus investimentos en instrumentos financeiros de contado e derivado. Para o cómputo da exposición con instrumentos derivados aplicarase a metodoloxía de compromiso establecida na Circular 6/2010, do 21 de decembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre operacións con instrumentos derivados das institucións de investimento colectivo.

d) Os límites anteriores correspondentes aos grupos de fondos de pensións de renda fixa mixta e do resto de fondos de pensións poderanse substituír polo 1 por cento anual do valor da conta de posición máis o 9 por cento da conta de resultados.

O cálculo da comisión en función da conta de resultados soamente se aplicará cando o valor liquidativo diario do fondo de pensións sexa superior a calquera outro alcanzado con anterioridade. Para estes efectos, o valor liquidativo diario máximo alcanzado polo fondo de pensións terase en conta durante un período de tres anos.

Para implantar o sistema de comisións de xestión en función da conta de resultados, tomarase como valor liquidativo máximo inicial de referencia o correspondente ao día anterior ao da súa implantación. No suposto de reimplantación do sistema de comisións de xestión en función de resultados, tomarase como valor liquidativo inicial de referencia o correspondente ao día anterior á reimplantación, e co límite do valor liquidativo máximo dos tres anos anteriores.

2. As sociedades depositarias percibirán como retribución total polo desenvolvemento das súas funcións unha comisión de depósito establecida contractualmente entre a entidade depositaria e a entidade xestora, logo de conformidade da comisión de control do fondo de pensións, de maneira expresa, dentro do límite fixado nas normas de funcionamento do fondo de pensións. Tales comisións virán determinadas e individualizadas para cada un dos plans de pensións integrados no fondo de pensións.

En ningún caso as comisións devindicadas pola entidade depositaria, incluídas as retribucións correspondentes ás entidades nas cales delegasen funcións, poderán resultar superiores ao 0,20 por cento do valor das contas de posición a que se deberán imputar. O límite equivalente resultará aplicable diariamente tanto a

cada plan de pensións integrado como ao fondo de pensións no seu conxunto e, individualmente, a cada partícipe e beneficiario. Con independencia desta comisión, as entidades depositarias poderán percibir comisións pola liquidación de operacións de investimento, sempre que sexan conformes coas normas xerais reguladoras das correspondentes tarifas.»

Dezaoito. Os números 1 e 2 do artigo 85 ter quedan redactados como segue:

«1. Considéranse operacións vinculadas as que realizan as persoas que se enumeran a continuación, con relación ás operacións a que se refire o número 2.

a) As entidades xestoras e as entidades depositarias, entre si, cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como xestora e depositario, respectivamente, e as que se realizan entre as entidades xestoras e os que desempeñan nelas cargos de administración e dirección.

b) As entidades xestoras ou depositarias, cos que desempeñan nelas cargos de administración e dirección, cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como xestora ou depositario.

c) As entidades xestoras, cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como xestora, e as entidades depositarias, cando afectan un fondo de pensións respecto do que actúan como depositario, con calquera outra entidade que pertenza ao seu mesmo grupo.

d) As entidades xestoras e as entidades depositarias, cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como xestora, e as entidades depositarias cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como depositario, con calquera promotor ou entidade do seu grupo que o sexa de plans de pensións adscritos ao dito fondo de pensións, ou cos membros da comisión de control do fondo de pensións ou dos plans de pensións integrados nel.

e) As entidades xestoras e as entidades depositarias, con aquelas entidades nas cales se delegasen funcións, cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como xestora e depositario, respectivamente.

Para os efectos do previsto neste artigo, consideraranse pertencentes a un mesmo grupo as sociedades que se encontren nos supostos recollidos no artigo 42 do Código de comercio.

2. Serán operacións vinculadas as seguintes:

a) O cobramento de remuneracións pola prestación de servizos a un fondo de pensións, agás os que preste a entidade xestora ao propio fondo de pensións.

b) A obtención por un fondo de pensións de financiamento ou a constitución de depósitos.

c) A adquisición por un fondo de pensións de valores ou instrumentos emitidos ou avalados por algunha das persoas definidas no punto anterior, ou pertencente ao seu mesmo grupo, ou en cuxa emisión algunha das ditas persoas actúe como colocadora, aseguradora, directora ou asesora.

d) As compravendas de valores.

e) Calquera negocio, transacción ou prestación de servizos en que interveña un fondo de pensións e calquera empresa do grupo económico da xestora, do depositario ou dos promotores dos plans de pensións adscritos, ou dalgún dos membros dos seus respectivos consellos de administración; calquera membro das comisións de control do fondo de pensións, ou dos plans de pensións adscritos; ou outro fondo de pensións, ou patrimonio xestionados pola mesma entidade xestora ou outra xestora do grupo.

Tamén terán a consideración de operacións vinculadas as operacións previstas neste punto, cando as leven a cabo persoas ou entidades interpostas, nos termos



que, para os efectos da interposición de persoas ou entidades, se describen no número 9 do artigo 70.»

Dezanove. Modifícase o número 1 e engádese un número 7 ao artigo 86, coa seguinte redacción:

«1. As entidades xestoras de fondos de pensións poderán contratar a xestión dos activos financeiros dos fondos de pensións que administran con terceiras entidades autorizadas, en diante entidades de investimento. A dita contratación someterase ao establecido neste capítulo.

Para os efectos desta norma, o contrato de xestión terá por obxecto a xestión individualizada dunha carteira de activos financeiros propiedade dun fondo de pensións por parte da entidade de investimento, a cal asume a selección de investimentos e a emisión de ordes de compra e venda por conta do fondo de pensións exclusivamente.»

«7. As entidades nas cales as sociedades xestoras de fondos de pensións efectúen delegacións estarán suxeitas ao réxime de operacións vinculadas nos termos establecidos no artigo 85 ter.»

Vinte. A letra h) do número 2 e o ordinal 2.º do punto 3.h) do artigo 101 quedan redactados como segue:

«h) Supostos excepcionais de liquidez ou de disposición anticipada, de ser o caso.»

«2.º Reflectirase claramente o carácter non reembolsable do dereito consolidado ata a produción dalgunha das continxencias cubertas ou, de ser o caso, nos supostos excepcionais de liquidez ou de disposición anticipada.»

Vinte e un. O número 3 da disposición adicional primeira queda redactado como segue:

«3. Os compromisos asumidos polas empresas cos traballadores que extingan a súa relación laboral e pasen á situación legal de desemprego polas causas previstas nos artigos 49.1.g), 51, 52 e 57 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, que consistan no pagamento de prestacións con anterioridade á xubilación, poderán ser obxecto de instrumentación, con carácter voluntario, de acordo co réxime previsto na referida disposición adicional primeira, caso en que se someterán á normativa financeira e fiscal derivada daquela. O disposto no parágrafo anterior será aplicable ás prestacións pagadoiras ao traballador afectado mentres non acceda á xubilación, así como ás reversións de tales prestacións por falecemento producidas antes do acceso á xubilación.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, estarán suxeitos necesariamente á mencionada disposición adicional primeira os compromisos referidos aos traballadores que extingan a relación laboral vinculados especificamente ás continxencias de incapacidade permanente e dependencia, e as prestacións pagadoiras a eles por ou a partir da xubilación, así como as de falecemento antes ou despois da xubilación, distintas das reversións sinaladas no parágrafo anterior.»

Vinte e dous. Os parágrafos sétimo e noveno da disposición adicional quinta quedan redactados como segue:

«Nun prazo máximo de cinco días hábiles contados desde a recepción por parte da entidade aseguradora de orixe da solicitude, esta entidade deberá ordenar a transferencia bancaria e a orde ser executada. Dentro do indicado prazo, a entidade aseguradora de orixe deberá remitir á entidade aseguradora ou xestora de destino toda a información financeira e fiscal necesaria para o traspaso. A referida información incluírá un detalle da contía de cada unha das primas aboadas de que

derivan os dereitos económicos obxecto de traspaso e das datas en que se fixeron efectivas, tendo en conta, se é o caso, o disposto no número 2 da disposición transitoria sétima.»

«No caso de que a entidade aseguradora de orixe sexa, pola súa vez, a aseguradora do plan de previsión asegurado de destino ou do plan de previsión social empresarial de destino ou a xestora do plan de pensións de destino, o tomador deberá indicar na súa solicitude o importe que desexa mobilizar, se é o caso, e o plan de previsión asegurado de destino ou o plan de previsión social empresarial de destino ou, noutro caso, o plan de pensións destinatario e o fondo de pensións de destino a que estea adscrito. A entidade aseguradora de orixe deberá ordenar a transferencia e a orde ser executada no prazo máximo de tres días hábiles desde a data de presentación da solicitude.»

Vinte e tres. O parágrafo sexto da disposición adicional sexta queda redactado como segue:

«Nun prazo máximo de vinte días hábiles contados desde a recepción por parte da entidade aseguradora de orixe da solicitude, esta entidade deberá ordenar a transferencia bancaria e a orde ser executada. Dentro do indicado prazo, a entidade aseguradora de orixe deberá remitir á aseguradora ou á xestora de destino toda a información relevante do asegurado, e deberalle comunicar a este o contido da dita información. A referida información incluírá un detalle da contía de cada unha das primas aboadas de que derivan os dereitos económicos obxecto de traspaso e das datas en que se fixeron efectivas, tendo en conta, se é o caso, o establecido no número 2 da disposición transitoria sétima.»

Vinte e catro. O número 2 da disposición adicional sétima queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, con periodicidade anual as entidades aseguradoras remitirán a cada tomador dos plans de previsión asegurados unha certificación sobre o total das primas pagadas en cada ano natural e o valor, ao final do ano natural, da participación en beneficios que se lle asignase, de ser o caso, e da súa provisión matemática; distinguirase a parte correspondente a primas aboadas antes do 1 de xaneiro de 2007, se as houber.

A referida certificación anual deberá indicar tamén a contía da provisión matemática ao final do ano natural susceptible de disposición anticipada por corresponder a primas aboadas con polo menos dez anos de antigüidade, de acordo co previsto no artigo 9.4, na disposición adicional oitava e na disposición transitoria sétima.

Se o contrato conta con investimentos afectos, deberase advertir expresamente e de xeito destacado que pode existir unha eventual diferenza entre o valor de mercado dos activos correspondentes e o importe da provisión matemática para o caso de mobilización ou disposición anticipada.

Cando iso proceda, a certificación indicará a contía dos excesos de primas advertidos sobre o límite financeiro legalmente establecido e o deber de comunicar o medio para o aboamento da devolución.»

Vinte e cinco. A disposición adicional oitava queda redactada como segue:

«Disposición adicional oitava. *Disposición anticipada e inembargabilidade dos dereitos económicos nos sistemas de previsión social complementaria análogos aos plans de pensións.*

1. Os dereitos económicos dos asegurados ou mutualistas derivados de primas, achegas e contribucións aboadas a plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial e contratos de seguro concertados con mutualidades

de previsión social previstos no artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, poderanse facer efectivos anticipadamente nos supostos excepcionais de liquidez e de disposición anticipada previstos para os plans de pensións no artigo 9 deste regulamento, nos termos e condicións establecidos no devandito precepto.

No caso dos plans de previsión social empresarial e dos concertados con mutualidades de previsión social para os traballadores das empresas, a disposición anticipada de dereitos derivados de primas, achegas ou contribucións realizadas con, polo menos, dez anos de antigüidade será posible se así o permite o compromiso e se prevé na correspondente póliza de seguro ou regulamento de prestacións.

No caso de que a entidade aseguradora conte con investimentos afectos, o dereito de disposición anticipada valorarase polo valor de mercado dos activos asignados.

Cando se realicen cobramentos parciais de dereitos económicos por contingencias ou polos supostos de liquidez ou disposición anticipada regulados no texto refundido da lei e neste regulamento, ou se efectúen mobilizacións parciais dos citados dereitos, a solicitude do asegurado deberá indicar se os dereitos económicos que desexa percibir ou mobilizar corresponden a primas anteriores ou posteriores ao 1 de xaneiro de 2007, se as houber. Os dereitos económicos que se vaian mobilizar calcularanse de forma proporcional, segundo correspondan, a primas anteriores ou posteriores á dita data, cando estas existan, e o asegurado non realizase a indicación sinalada anteriormente.

2. Os dereitos económicos dos asegurados en plans de previsión asegurados e plans de previsión social empresarial non poderán ser obxecto de embargo, traba xudicial ou administrativa, ata o momento en que se cause o dereito á prestación ou poidan ser dispoñibles ou efectivos conforme o previsto no artigo 9 para os plans de pensións.

Cando, de acordo co anterior, o dereito ás prestacións do asegurado sexa obxecto de embargo ou traba, xudicial ou administrativa, esta resultará válida e eficaz, ben que non se executará ata que se cause o dereito á prestación ou poidan ser dispoñibles ou efectivos conforme o artigo 9. Producidas tales circunstancias, a entidade aseguradora ordenará o traspaso dos fondos correspondentes ás prestacións ou dereitos económicos a quen proceda, en cumprimento da orde de embargo.

No caso de que o asegurado ou beneficiario sexa titular de dereitos susceptibles de embargo en varios plans de pensións, plans de previsión asegurados e plans de previsión social empresarial, serán embargables, en primeiro lugar, os dereitos en plans de pensións do sistema individual e asociado e plans de previsión asegurados e, en último termo, os dereitos en plans de pensións de emprego e plans de previsión social empresarial.»

Vinte e seis. A disposición transitoria sétima queda redactada como segue:

«Disposición transitoria sétima. *Disposición anticipada e mobilizacións de dereitos consolidados correspondentes a achegas realizadas a plans de pensións e sistemas de previsión social complementarios análogos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.*

1. Para efectos do previsto no artigo 8.8 do texto refundido da lei e no artigo 9.4 deste regulamento, sobre disposición anticipada de dereitos consolidados correspondentes a achegas a plans de pensións realizadas con polo menos dez anos de antigüidade, e de conformidade co establecido na disposición transitoria sétima do dito texto refundido, os dereitos derivados de achegas a plans de pensións

efectuadas ata o 31 de decembro de 2015, cos rendementos correspondentes a elas, estarán dispoñibles a partir do 1 de xaneiro de 2025.

O establecido nesta disposición transitoria será aplicable igualmente aos dereitos económicos dos asegurados ou mutualistas derivados das primas, achegas e contribucións aboadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 a plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial e contratos de seguro concertados con mutualidades de previsión social previstos no artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro. A partir do 1 de xaneiro de 2025 poderanse facer efectivos os dereitos económicos dos asegurados ou mutualistas existentes en 31 de decembro de 2015 cos rendementos correspondentes ou co valor de realización dos activos asignados.

2. Na información que deberán remitir as entidades de orixe ás entidades de destino con ocasión das mobilizacións de dereitos consolidados ou económicos que soliciten os partícipes ou asegurados non será preciso incluír detalle das contías e datas de cada unha das achegas realizadas ou primas aboadas antes do 1 de xaneiro de 2016, ben que se deberá informar da contía dos dereitos consolidados ou económicos obxecto de traspaso correspondentes a elas, así como da parte delas que se corresponde con achegas realizadas antes do 1 de xaneiro de 2007.»

**Disposición adicional única.** *Adaptación dos plans de pensións.*

As especificacións dos plans de pensións, dos boletíns de adhesión a estes e dos documentos cos datos fundamentais para o partícipe dos plans individuais, así como as normas de funcionamento dos fondos de pensións, deberán adaptarse ao establecido neste real decreto no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

**Disposición derogatoria.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, o disposto no número dezasete do artigo segundo do presente real decreto entrará en vigor aos dous meses da data da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Economía, Industria e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO